



Plan de Trabajo da coordinación de benestar e convivencia

CIFP A GRANXA

Curso 2025-2026



1.- Introducción

ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece no seu artigo 124.5 que as administracións educativas regularán os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou a coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos.

A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo. No artigo 35.1 refírese á obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, deben ter unha coordinadora ou un coordinador de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección ou a titularidade do centro.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, sinala no seu artigo 10.1 que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

A Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes, establece que a persoa dinamizadora da convivencia coordinará a mellora do clima escolar, a través da función titorial e propoñendo accións cooperativas, e asesorará o resto do profesorado na inclusión de dinámicas de aula, que propicien a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

A Estratexia galega de convivencia escolar 2025 recolle, dentro dunha das liñas de actuación, a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado sinalando que, a través da figura da persoa que exerza a dita coordinación nos centros educativos, se establecerán os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

2.- Análise do contexto

Análise xeral da situación de partida

Tendo en conta que as funcións da persoa coordinadora de benestar e protección establecidas na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, xa viñan sendo realizadas nos centros docentes da Comunidade Autónoma galega a través do desenvolvemento do Plan de convivencia, co apoio da dinamización de convivencia, é preciso acomodar esta nova figura ao marco normativo do sistema educativo galego. Así, baixo a denominación de persoa

coordinadora de benestar e convivencia regúlase a figura que asume as funcións de coordinación de benestar e protección e de dinamización de convivencia.

O CIFP A Granxa trátase dun centro integrado de formación profesional sito no concello de Ponteareas, próximo ao centro neuráxico da cidade de Vigo.

A súa oferta formativa a conforman ciclos das familias profesionais de agraria, de seguridade e medio ambiente e industrias alimentarias. Trátase dun centro de referencia na comarca, xa que debido a súa particularidade formativa, ofrecendo diversas formacións, tanto presencial, como modular e a distancia, fíxose o seu oco para formar a profesionais que desexan desenvolver a súa profesión neste sector.

Mencionar que o CIFP A Granxa dispón dun Plan de Convivencia.

Así mesmo cóntase con protocolos de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

Este curso, igual que no curso pasado, solicitaranse os programas educativos que nos permitan poñer en marcha accións e actividades de mellora da convivencia.

Contextualización. Análise DAFO

Cuestións internas

Fortalezas	Debilidades
<ul style="list-style-type: none">• Plan de convivencia consensuado.• Persoal do centro (docente e PAS) con valores sobre a convivencia pacífica e de resolución dos conflitos con mediación.• Centro educativo referente na comunidade autónoma nas familias profesionais que imparte.• Centro educativo con boas relacións con administracións local e centros educativos da entorna.• Alumnado organizado en pequenos grupos.• Alumnado que abrangue diferentes rangos de idade e expectativas profesionais.	<ul style="list-style-type: none">• Falta de formación específica en xestión da aula e convivencia do profesorado• Horario diferente mañá e tarde, con grupos diferentes.• Ensinanzas de réxime ordinario e modular (presencial e semipresencial)• Necesidade de coordinación de persoal (docente e PAS) para realización de actividades ou posta en marcha de programas.• Non existe unhas instalacións e equipamentos que permitan levar a cabo diferentes actividades.

Cuestións externas

Oportunidades	Ameazas
<ul style="list-style-type: none">• Lexislación con referencia expresa ás funcións de coordinación en benestar e convivencia.• Desenvolvemento de plans e programas específicos, solicitados á consellería.• Concienciación social ante a resolución dos conflitos e mellora da saúde mental.	<ul style="list-style-type: none">• Falta de tempo e horario específico para realizar actividades.• Pouca importancia á convivencia coma aprendizaxe para a vida futura na FP.• Taxa de desemprego e intrusismo laboral.• Precariedade no traballo feminino.• Normalización de comportamentos violentos.

3.- Obxectivos

O desenvolvemento da Orde de creación desta figura, expresa as funcións en base a coordinación co Equipo directivo, co DIOP e coas ANPA.

No caso do CIFP A GRANXA, non hai ANPAS regulamentadas como tal, si familias coas que desenvolver actuacións, expresamente coas do alumnado menor de idade.

Así pois enumeramos as funcións e expresamos ao final deste apartado os obxectivos da concreción do curso 23-24:

ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

Artigo 3. Funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia

1. A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro docente.

2. As funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia son as seguintes:

a) En coordinación co equipo directivo:

– Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.

– Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.

– Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

– Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.

– Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.

– Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.

– Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.

– Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

– Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.

– Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación. – Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.



- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
 - Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.
- c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

4.- Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do Plan

. Seguimento

Mencionar que os orzamentos recollidos en cada actuación son, nalgúns casos, orientativos, debido a dificultade de fixar de xeito conciso os medios necesarios na data de realización do presente plan. Dita información será detallada no momento de realización das actividades ligadas a cada liña de actuación, na ficha de actividades, así como na memorial final que se realizará ao finalizar o curso.

As liñas de actuación desenvoltas no presente plan poden sufrir algún cambio así como poden verse aumentadas co devir do curso.

Todo isto recollerase nos seguimentos, e memorial final.

. Avaliación

Para iso terase en conta a idoneidade das actuacións así como os indicadores como instrumentos de avaliación, que permitirán obter evidencias e valorar coa maior obxectividade posible.

Segundo se vaian desenvolvendo as actuacións e actividades irase avaliando o produto das mesmas, así como as liñas a mellorar ou ampliar de cara a vindeiros anos.

. Modificación

Unha vez desenvoltas as actuacións e actividades do presente plan se recollerán as posibles melloras, se fora o caso. Así mesmo se realizará a final de curso, na memoria do plan, as conclusións pertinentes.



5.- Desenvolvemento das accións

Acción	Obxectivo/s	Actividades	Responsábeis Coordinación	Medición Indicador	Temporalización	Grao Consecución
Actuación 1	O1: Asesorar á comisión de convivencia na implementación do Plan de convivencia do centro	Funcionamento da convivencia no centro. Difusión do anterior	Comisión convivencia e coordinadora benestar	Realizado Si/Non	1º trimestre	
Actuación 2	O2a: Fomentar as asembleas de alumnado delegado e subdelegado	Formación na convivencia do centro Información ao alumnado do grupo	Comisión convivencia e coordinadora benestar	Nº reunións formadoras: ≥ 1	Por trimestre	
Actuación 3	O2a: Posta en marcha de formación específica para o profesorado.	Curso formación	Coordinadora benestar	Nº Sesións ≥ 1	AULA VIRTUAL	
Actuación 4	O2b: Implementar o Proxecto Inclusivo de Educación.	Das modalidades: Mellora da convivencia Impulso da Igualdade	Comisión Igualdade Coordinadora benestar.	Nº Actividades Accións ≥ 2	2º e 3º trimestre	